



LIBROS DE TEXTO PARA 3º ED. PRIMARIA PARA O CURSO 2015-16

Queremos informaros que o Claustro de Profesores aprobou unánimemente, co respaldo do Consello Escolar, solicitar á Xefatura Territorial de Educación o cambio de libros de texto en todos os cursos, coa finalidade de que alumnado e profesorado dispoñan o vindeiro curso de materiais adaptados á nova lei de educación – LOMCE. Esta solicitude de cambio de libros daría lugar a dúas posibles situacións:

Situación 1ª

No caso de que a resposta da Administración Educativa sexa positiva non tería ningún sentido a aplicación da Orde que regula o fondo solidario de libros de texto para 3º e 5º de Primaria (DOG 01/06/2015), e supoñemos que, entón, a propia Administración establecería urxentemente un réxime de axudas similar ao que funciona para 1º, 2º, 4º e 6º de Primaria.

Situación 2ª

No caso de que a resposta da Administración fora negativa, e non permitira o cambio de libros, sería moi difícil que as familias encontraran os libros á venda, xa que as editoriais manifestaron a súa intención de non re-editar os libros antigos. Chegados a este punto, a Dirección do Colexio establecería as seguintes medidas:

- Recoller, o día 18, todos os libros de 3º que foran adquiridos con “cheque” da Xunta o ano pasado.
- Recoller, o día 18, todos os libros de 3º que foron prestados a través do Banco De Libros da ANPA.
- Solicitar, coa colaboración da ANPA, que as familias de 3º que mercaron os libros, o ano pasado, os cedan desinteresadamente ao Banco de Libros da ANPA, acudindo ao Colexio a deixalos, os días 25 (mañá e tarde) e 26 de xuño pola mañá.
- ANPA e Dirección, xuntaríamos os libros recollidos, e os repartiríamos a todo o alumnado de 3ºEP, ao inicio do vindeiro curso

Agardamos poder informaros o antes posible, cal das dúas opcións será finalmente, pola que deberemos optar.

Moitas grazas e un cordial saúdo para todos-as.

A Coruña, 12 de xuño de 2015.

A Dirección